

•• EL PROTAGONISTA ••

XAVIER ALCALÁ, 25 ANOS DE CARREIRA LITERARIA

«SON UN FRACASADO, PORQUE ESTRAGUEI BOAS HISTORIAS»

Un dos autores galegos máis lidos, Xavier Alcalá (Miguel-turra-Ciudad Real, 1947), celebra as súas vodas de pra-ta coa literatura. Hai agora 25 anos saía á luz o seu pri-meiro libro, «Voltar, seis personaxes e un fado», obra que pasou a duras penas pola estreitísima gorxa da cen-sura. De feito, a versión que saíu a luz foi reescrita por Ramón Piñeiro, director de Galaxia, quen suavizou o tex-to orixinal. Pero aquelas son xa vellas historias e o narra-dor ferrolán celebra o aniversario do seu debut mirando ó futuro cunha chea de proxectos.

LUÍS VENTOSO

O enxeñeiro Alcalá queixase de non poder ser un escritor «full time», pero o certo é que non para de anima-lo mercado literario. En setembro pre-sentará a versión en castelán de *Código morse*, a edición número doce de *A nosa cinza* e un novo libro de viaxes. Ademais prepara unha novela moi ambi-ciosa, situada no Ferrol do século XVIII. Alcalá conta ademais co apoio do públi-co (*A nosa cinza* anda polos 50.000 exemplares vendidos, un milagre na narra-tiva en galego). Con todo, fai un exercicio de humildade: «Ata o de agora, a miña carreira literaria é a historia dun fracaso».

—Repasando a súa traxectoria, semella que Alcalá é, antes ca nada, un escritor que busca abertamente ó lector, que tenta sempre de atrapalo nas súas redes.

—O que me importa é facer un bo relatorio. Un relatorio clariño e dirixido á maior cantidade de público posible, por iso agora estou moi interesado en pro-jectarme fóra, aínda que partindo de que os meus recursos literarios están no galego. Eu teño tres obxectivos inmediatos de proxección: Madrid e Barcelo-na, Lisboa e Londres. Estoume movendo cun axente literario para entrar aí. De feito, en setembro sae a versión en castelán de *Código morse*. Trato de demo-strar que a literatura está por riba do idioma. Aínda que a fidelidade a unha lin-gua é fundamental, porque é o barro literario. Eu, hai pou-co, dicía en Bos Aires que os escritores galegos en cas-telán non son escritores galegos, porque obteñen materia galega para producir nunha lingua allea e penso que eso non se debe facer de principio.

—Supoño que ó fío deste 25 aniversario de com-promiso literario botaría unha ollada ós seus primeiros traballos ¿Que xuízo lle merecen a día de hoxe?

—O que notei é que tiña moi poucos anos. Cando escribín o orixinal primeiro de *Voltar* tiña eu 25 anos. Se eu mañá morro, a xente coñecerame como o autor da *A nosa cinza* e da letra da canción *Teño saudade*. Pois ben, *A nosa cinza* empezeina a escribir tamén con 25 anos. Pero hai que pensar que non tiña 30 anos can-do fixen *Fábula*, tal vez a máis aireada pola crítica daquelas primeiras novelas. Agora vou cumprir 50 anos e a perspecti-va varía moito. Si me gustaría recoñecer publicamente o meu fracaso. Son un fracaso, porque meditando sobre o que levo feito nestes anos penso que me dediquei a estragar moi boas historias.

—¿Como?

—Pois penso que escribín mal moi boas historias. Se as escribise moi ben non sería só un autor dun entorno redu-cido, sería un autor de repercusión mundial. Pero as miñas historias son boas, e realmente non son miñas, roubel-nas por aí.

—Ese exercicio de modestia non é moi frecuente entre os autores do noso país.

—Estou absolutamente convencido de que a esta altu-ra son un fracasado. O que pasa e que penso vivir 25 anos máis, e se mo permiten os editores, voume adicar a repasar e refacer todo o escrito e a seguir escri-bindo historias. A min historias, por fortuna, non me faltan. O que me falta é o tempo, porque eu son un mar-xinal da literatura. Vivo da enxeñería das telecomuni-cacións e gasto moito tempo no meu traballo. Se eu poi-dera escribir tódolos días, non digo máis que dúas horas, tería moitísima máis e moito mellor obra.

